

## SENDA VERDE DO XARES (A VEIGA)

Partindo da antiga ponte da Veiga, iníciase o percorrido ao longo do paseo fluvial ata chegar á zona de O Coiñado. Dende este punto o sendeirista pode achegarse ó núcleo urbano da Veiga, ou ben continuar camiño ata o núcleo de Casdenodres.



Dende Casdenodres o percorrido transcorre por antigos camiños atravesando carballeiras e fragas.

Continuando o noso percorrido, atoparemos o núcleo de Castromarigo, punto de paso dun dos antigos camiños que conectaban ámbalas beiras do encoro, neste caso co núcleo de Santa Cristina.

Dende Castromarigo, continuaremos cara o núcleo de Candeda paseando por un camiño existente que discorre paralelo ó encoro.

O seguinte fito no noso percorrido seguindo a marxe dereita do encoro entre carballeiras, é o núcleo de San Andrés de Prada, dende o que chegaremos á presa do encoro.

Dende a presa de Prada, punto medio desta senda comezamos o regreso pola marxe esquerda do encoro. Este percorrido a través de antigos camiños duns 15 Km de lonxitude, permitiranos coñecer os antigos camiños que conectaban os núcleos de O Corexido, Vilaboa e Santa Cristina, gozando ó mesmo tempo dos sons da natureza nunha área con escasa densidade de poboación.



Antes de completar o noso percorrido no pobo da Veiga, atoparémonos coa zona de espaxamento denominada Praia dos Franceses.

## O ENCORO DE PRADA

Ó longo duns quince quilómetros o encoro de Prada ofrecelle ó visitante seis núcleos ribeiregos: A Veiga, Casdenodres, Candeda, Castromarigo, Santa Cristina e Prada, así coma numerosas praias e areais, na que destacan a Praia dos Franceses e o Areal de Prada. A maxia do encoro atópase na aldea asolagada de Alberguería, visitada en ocasións por arriscados mergulladores.



É, nembargantes, a Illa de Prada a auténtica xoia do encoro pola beleza das súas praias, das grandes rochas e da súa vexetación.

Na beira esquerda do Encoro, a Praia dos Franceses e a Escola de Piragüismo permiten o descanso ou a realización de deportes náuticos. O catamarán "Sta. María de Alberguería", permite percorrer o Encoro dende a Praia dos Franceses, onde se atopa o embarcadero, ata a Illa de Prada durante os meses de verán. Na beira dereita, o paseo fluvial no que destacan o Bosque das esculturas e a Aula de Natureza, complementan a oferta natural do Encoro de Prada.

## LOCALIZACIÓN E VÍAS DE COMUNICACIÓN





Télefono Concello de A Veiga: 988 350 000

Como chegar:

Vindo de León/Ponferrada/Monforte pola N-120, ó chegar a A Rúa seguiremos a estrada de Viana do Bolo, a C-533, ata o Alto do Covelo (19 Km), e dende alí unha estrada local lévanos ata A Veiga (11 Km).


Vindo de Ourense/Benavente pola autovía A-52, saímos na Gudiña e tomamos a C-533 en dirección Viana-A Rúa. A 28 quilómetros da Gudiña chegamos ó Alto do Covelo, onde unha estrada local nos leva ata A Veiga (11 Km).

## SENDA VERDE DO XARES (A VEIGA - OURENSE) TERRAS DE TREVINCA



## INFORMACIÓN DO ROTEIRO

PERFIL DO SENDEIRO PRINCIPAL



## SÍMBOLOS

- XIRO Á DEREITA
- XIRO Á ESQUERDA
- CONTINUIDADE
- DERIVACIÓN
- DIRECCIÓN INCORRECTA



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
Dirección Xeral de  
Conservación da Natureza



UNIÓN EUROPEA - FEDER

# SENDA VERDE DO XARES (A VEIGA - OURENSE)



**Lenda**

Rango altitudinal (m):

1125 - 1200	900 - 975	675 - 750
1050 - 1125	825 - 900	600 - 675
975 - 1050	750 - 825	0 - 600


Cota máxima encoro: 845 m

- Senda
- Derivacións

- Rede Viaria
- Rede Fluvial
- Poboacións

- Aula Natureza
- Miradoiro
- Parque Bicicletas

Escala 1:31.000



TELÉFONO PARA DAR ALARMA DE INCENDIO FORESTAL: 085  
 TELÉFONO PARA DAR ALARMA DE ACTIVIDADE INCENDIARIA: 062 (Garda Civil)